

Edita: Club Montañeiros Celtas.

Dirección:

Traducción:

Maquetación: Enrique Soto

Colaboran neste número:

Miguel Caramés, Carolina Rodríguez, Lourdes Castiñeiras

Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.

Imprime: Copy Camelias. Depósito Legal: VG:40-1998.

Impreso en papel reciclado



CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Nº 107

Setembro

Editado 1/9/11

VINDEIRAS ACTIVIDADES

Remitímosvos á páxina web do club WWW.CELTAS.NET para consultas das vindeiras actividades.

Lembrade que aquí atoparedes información sobre:

- Actividades
- Novas de Interese
- Hemeroteca
- Galería de fotos
- Información de Club, entre outras cousas

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

- ♦ Avda. Camelias, 78 Oficina K- 36211 Vigo.
- ♦ Apartado de Correos 1836, 36200 Vigo
- ♦ Teléfono/fax: 986 438 505
- ♦ Internet: www.celtas.net
- ♦ Correo electrónico: info@celtas.net

Estimados asociados:

Segundo a disposición dos estatutos e do Regulamento do Réxime Electoral do noso Club, convócase

ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA

Se celebrará o día 16 de setembro ás 20:00 horas en primeira convocatoria e 20:30 en segunda, no local social da nosa entidade sito en Avda. das Camelias, Nº 78 oficina K en Vigo, con seguinte

ORDE DO DÍA:

1º ELECCIÓNS A PRESIDENTE DO CLUB

- Aprobación das datas do calendario do proceso electoral
- Nomeamento da xunta electoral

DATAS DO CALENDARIO ELECTORAL:

Día 1º 16 de setembro ASAMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA para elección do Presidente.

Día 7º 23 de setembro Exposición do censo electoral provisional

Día 14º 30 de setembro Exposición do censo electoral definitivo
Día 27º 13 de outubro Fin do prazo de presentación de candidaturas a Presidente

Día 28º 14 de outubro Publicación provisional de candidaturas

Día 35º 21 de outubro Publicación definitiva de candidaturas

Día 49º 4 de novembro Votación para Presidente do Club

Día 52º 7 de novembro Publicación de resultados e proclamación provisional de Presidente

Día 59º 14 de novembro Proclamación do presidente e fin do proceso electoral

Neste número:

Convocatoria Asemblea	1
Infantil e xuvenil	2
V Gran Travesía	2
II Andaina Galíneiro	3
Vindeiras Actividades	4

INFANTIL E XUVENIL

CLUB MONTAÑEIRO CELTAS E O SEU COMPROMISO COS CATIVOS

Dende sempre, Club Montañeiros Celtas comprometeuse cos rapaces e rapazas que se inician neste mundo da montaña e pasan a formar parte desta gran familia.

A pesares de que os tempos e a xente cambiaron, o compromiso con eles segue sendo a nosa aposta de futuro.

Durante o que levamos de ano, e debido a diversas circunstancias, non se levaron a cabo as actividades programadas para eles. É o noso propósito no que queda ata final de ano, centrarnos neles, dando resposta ás demandas dos socios e para elo programamos as seguintes actividades:

16º CAMPAMENTO INFANTIL-XUVENIL DE ESPELEOLOXÍA

Animádevos rapaces a descubrir ou reencontrarvos coas covas, sempre acompañados de xente experta que fará todo o posible para que pasedes unha boa fin de semana de espeleo. Este ano o emprazamento elexido será Cobas (Ourense), onde pernoctarase no refuxio de espeleo da FGE e onde percorrermos diversas covas no entorno do Parque Natural da Enciña da Lastra.

DATAS: 1-2 outubro 2011.

Tramítade xa a licenza de espeleo!!!

XLIII OPERACIÓN BENXAMÍN

Mudou de mes pero non de espírito.

Durante os meses de outubro e novembro vaise realizar a Operación Benxamín. Os obxectivos e os seus fundamentos son os mesmos que se veñen facendo dende os seus inicios. A única diferenza é que este ano mudouse a estación do ano, co cal as actividades serán

acordes ao tempo no que estemos.

Durante dous fins de semana e medio, realizaranse actividades para rapaces e rapazas relacionadas coa montaña: Rutas de senderismo, escalada, bici de montaña, coñecementos básicos de acampada e orientación, xogos na natureza....

O máis novedoso é que poderán participar rapaces e rapazas de 14 anos en diante e realizaranse actividades paralelas e adaptadas ás súas capacidades, non perdendo nunca a esencia da Operación Benxamín.

Datas e Programa previsto:

14 de outubro (venres): Reunión presentación XLIII Operación Benxamín

22-23 outubro: Monte Aloia. Primeira toma de contacto con xogos, rutas, charlas e gymkhana incluída.

05-06 novembro: Monte Galiñeiro. Escalada e Bici de Montaña, ademais dun taller de observación das estrelas

12 novembro (só sábado): Lugar por determinar.. Escalada e Concurso de cociña e se o tempo o permite...sorpresa acuática....

18 novembro (venres): Clausura Operación Benxamín 2011.

Máis información próximamente na oficina e na web.

XV CAMPAMENTO INFANTIL-XUVENIL DE ESPELEOLOXÍA da FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA

Organizado polo Club Montañeiros Celtas.

Outra oportunidade para disfrutar das covas e o seu entorno, esta vez na zona de Pedrafita (Lugo). Ata igual podemos disfrutar da neve!!

Datas: 3-4 decembro 2011

Lugar: Pedrafita do Cebreiro (Lugo)

Necesaria a Licencia federativa de espeleo da FGE.

V GRAN TRAVESÍA DA RÍA DE VIGO



Datas: 24-25 setembro 2011

Data límite de inscrición: xoves 15 de setembro

Actividade multidisciplinar na que se compaxinará natación, piragüismo, espeleoloxía, escalada, bicicleta e sendeirismo.

Os participantes deberán anotarse previamente no club. Máis información na oficina e na web.



II Andaina pola protección da serra do GALIÑEIRO Aloia-Galiñeiro.

GALIÑEIRO

www.serradogalinheiro.org

Por un monte sen eólicos.

Día: Domingo 18 de setembro de 2011

Saída: Capela do Monte Aloia as 11:00 h

Chegada: Parque Forestal do Galiñeiro (Vincios) 15:00 h

Aproximadamente 10 km (3-4 horas)

Xantar popular e actividades á chegada

Autobuses desde Vigo e Vincios

Zonas de aparcamento no Aloia, Vincios e Prado

Para máis información: www.serradogalinheiro.org

Recomendase levar:

- Calzado cómodo.
- Auga e comida para o final.

CONVOCAN:

PLATAFORMA POLA PROTECCIÓN DA SERRA DO GALIÑEIRO: A RÍA NON DE VENDE, ADEGA, A.C. BERRA VAL MIÑOR, AGA (ASOC.GALEGA APICULTURA), AMIGOS DA TERRA, ASOC. "FESTA DA PREHISTORIA", ASOC. TRECE CATORCE, ASOC. VECIÑAL CASCO VELLO, ASOC. VECIÑOS DE VINCIOS, ASOC. A GROBA, ASOC. MUNDO MINERO, C.C. AS PEDRIÑAS, C.M.V.M.C. DE CHAÍN, C.M.V.M.C. DE COUSO, C.M.V.M.C. DE VINCIOS, C.S. A REVOLTA, CLUB ESCALADA MONTAÑA AZIMUT, CLUB MONTAÑEIRO CELTAS, CLUB PEÑA TREVINCA M.G., CLUBE DE MONTAÑA XISTRA, CLUBE ESPELEOLÓXICO MAUXO, C.S.A FAISCA, FEDERACIÓN A.A.V.V. EDUARDO CHAO-VIGO, FEDERACIÓN GALEGA MONTAÑISMO, INSTITUTO DE ESTUDOS MIÑORANOS, OUTROVIGOÉPOSIBLE, PLATAFORMA DEFENSA DA RÍA CÍES, SALVEMOS MONTEFERRO, SOS SERRA DA GROBA, VERDEGAIA.